



O xuíz de instrución número 7 de Vigo considera que o delito que se lle atribúea a Ezequiel Simóns, dono do local, non é constituínte de infracción penal "ao non estar regulada dita conduta como tal no Código Penal", segundo da conta nesta xornada La Voz de Galicia.

Segundo a mesma fonte, en todo caso o Concello de Baiona podería interpoñer unha demanda por vía administrativa si considérao oportuno.

Antecedentes

Sobre o local pesaba unha multa de 1.500 euros e 15 días de peche por unha denuncia veciñal por exceso de ruídos tramitada durante a derradeira Festa da Arribada-.

Pese á orde de peche, o local abriu da noite do xoves ao venres da pasada seman. Efectivos da Garda Civil e Policía Local accederon á media noite brevemente ao local máis non impediron que seguira aberto. Ó día seguinte chegou o precinto por orden municipal.

O dono do local recorrerá hoxe a orde de precinto do Concello nun xulgado de garda de Vigo, segundo La Voz de Galicia. Mais engaden que non hai moito optimismo na discoteca coa pronta solución do peche "pois agosto é un mes no que a actividade xudicial decae en moita

O xuíz non admite a denuncia por "desobediencia á autoridade" contra o responsable do Villa Rosa

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Martes, 11 Agosto 2015 09:47

maior medida que durante o resto ano".